


MEMORIA DUN AVÓ EMIGRANTE.

por Cristina Fiaño



No que vai de século XXI, a República Arxentina conseguiu asentarse un proceso de recuperación da memoria histórica que vai máis aló da investigación puramente historiográfica, política, literaria e artística para constituírse nun elemento decisivo na conciencia social do país. Entre os moitos froitos deste avance existen mesmo contribucións de raíz galega, como é o caso de *El libro del Avó* de Beatriz López. Esta escritora e periodista nacida en Bos Aires en 1948 xa tiña publicado un libro memorialista titulado *Hasta la victoria siempre... Testimonio de Carmen Cornes, emigrantes gallega y militante de la vida en 1993*.

El libro del avó céntrase precisamente na historia de vida doutro emigrante galego e militante da vida, Antonio López, recreada pola súa neta dunha maneira moi particular, pois ela mesma pon en boca do avó o que este podería terlle dito: «Ti es aínda peregrina na Terra, meu ben. Vai recupera-l-os nosos pasos e fainos revivir en palabras».

Para facer esta reconstrución a autora vóllese de procedementos mixtos, pois mestura prosa e verso,

lembranza e análise, e mesmo castelán e galego, comezando polo propio título do libro. Esta mestizaxe lingüística é, precisamente, unha das características máis novidosas da obra: «su vocabulario [do avó] es predominantemente gallego cuando se refiere a su tierra y va cambiando al castellano rioplatense al relatar su vida en la Argentina, para volver al gallego cuando la comunicación se hace más íntima o cariñosa». Ademais, para construír esta obra, Beatriz López mestura constantemente a linguaxe afectiva dos sentimentos e das relacións familiares co relato da intrahistoria e mesmo coa súa análise.

A figura central do libro, obviamente, é o seu avó, emigrante galego de ideoloxía anarquista: «ese pequeno Breogán que salí de su aldea llevando como única armadura los cuentos de su abuelo, un puñado de poemas gallegos y un fardel de esperanza» pero tamén a súa avoa María Fernández, á cal a autora, a diferenza do caso do seu avó, si chegou a coñecer.

O libro complementábase cun interesante álbum fotográfico familiar de ambientación galega e arxentina de gran valor intrahistórico, como mesmo pon en evidencia a magnífica fotografía da cuberta na que se ve ao seu avó exercendo de chofer dun Ford A na pampa arxentina. Complementariamente ofrécese un apéndice coas historias doutros avós: «abuelos anónimos, abuelos inmigrantes, abuelos de otros nietos o sin nietos que fui encontrando en el camino». Os seus relatos e anécdotas, pero tamén a súa lingua, foron fundamentais na tarefa de reconstruír a voz do seu avó. Entre esas historias atópanse as de persoas tan relevantes como Darío Rivas Cando.

En suma, *El libro del avó* trátase dunha excelente contribución á recuperación da memoria da emigración galega na República Arxentina.